



ORDENANZA NÚM.: 14

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AUTO-GUINDASTRE PARA O TRASLADO DE VEHICULOS OU INMOVILIZACIÓN DOS MESMOS POR MEDIOS MECÁNICOS E DEPÓSITO EN LOCAIS MUNICIPAIS

Artigo 1º.-FUNDAMENTO LEGAL.

Este Concello, de conformidade co disposto no artigo 57 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e facendo uso da facultade regulamentaria que lle atribue o artigo 15 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, establece a **Taxa pola prestación do servizo de auto-guindastre para o traslado de vehículos ou inmovilización dos mesmos por medios mecánicos e depósito en locais municipais**, cando os vehículos estean abandonados ou estacionados defectuosa ou abusivamente na vía pública e a súa custodia, cuxa exacción realizarase con suxección ao previsto nesta Ordenanza Reguladora.

Artigo 2º.-NATUREZA DO TRIBUTO.

Este tributo ten natureza de taxa fiscal xa que se trata dun servizo de solicitude ou recepción obligatoria, non é susceptible de ser prestado por a iniciativa privada, por tratarse dun servizo que implica manifestación de exercicio de autoridade, ou por referirse a un servizo público no que está declarada a reserva en favor das Entidades Locais.

Artigo 3º.-FEITO IMPÓÑIBLE.

O feito impoñible ven determinado pola prestación de calquera dos servizos realizados polo Concello o por calesquera outros que fosen contratados polo Concello para enganche, retirada, traslado, inmovilización e custodia de vehículos nos supostos previstos na Normativa de Circulación.

Artigo 4º.-SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, propietarios dos vehículos que reciban calquera dos servizos previstos no artigo terceiro anterior.

Artigo 5º.-BENEFICIOS FISCAIS.

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente establecidos en normas con rango de Lei ou os derivados de Tratados ou Acordos Internacionais.

Artigo 6º.-COTA TRIBUTARIA.

As cantidades a liquidar e esixir por esta taxa serán as seguintes:

CONCEPTO		Tarifa
INMOVILIZACIÓN POR MEDIOS MECANICOS	Vehículos de menos de 4 rodas	15,00
	Turismos, furgóns e demais vehículos	50,00
ENGANCHE E TRASLADO	Vehículos de menos de 4 rodas	50,00
	Turismos, furgóns e demais vehículos sen uso de plataforma	80,00



	Furgóns e demais vehículos nos que se requira o uso de plataforma	170,00
OUTROS SUPOSTOS	Turismos, furgóns e demais vehículos non retirados pero realizado o aviso ao guisandre	50,00
CUSTODIA (POR DÍA OU FRACCIÓN)	Vehículos de menos de 4 rodas	5,00
	Turismos, furgóns e demais vehículos	10,00

Cando o depósito non teña lugar nos almacens o locais municipais, se repercutirá o exceso de seu importe sobre a cota sinalada anteriormente.

Non estará suxeita á taxa a prestación do servizo de depósito durante ás 10 primeiras horas

Artigo 7º.—DEVENGO.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír no momento no que se preste o servizo ou simplemente se iniciase.

Artigo 8º.—NORMAS DE XESTIÓN.

O cobro desta taxa efectuarase con anterioridade á recollida do vehículo do depósito municipal ou, no lugar habilitado ao efecto, ou de producirse o desenganche do vehículo transportador se estivese en fase de traslado ao depósito.

Para o cobro utilizaranse recibos con importe preimpresos ou recibos con autocalco debidamente numerados, debendo a persoa encargada do cobro, de entregar o recadado xustificando coa copia do recibo. Se o servizo se contrata a unha empresa privada, a facturación da empresa comprobarase coas copias dos recibos correspondentes.

O devengo das taxas polos servizos prestados é independente da sanción que proceda impoñer conforme ao procedemento establecido.

A Administración Municipal non é responsable dos danos e desperfectos que o vehículo poida experimentar con motivo das actuacións de inmovilización, transporte, retirada ou depósito, agás que poida demostrarse que o persoal dependente ou que traballe por conta do Concello incorrese en culpa ou negligencia.

Cando inmovilizado un vehículo na vía pública por orde dos Axentes de Tráfico, transcorran 48 horas sen que o condutor ou propietario corrixisen as deficiencias que motivaron a medida, poderase retirar o vehículo da vía e proceder ao seu depósito.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día seguinte de súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza cabe recurso contencioso-administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdicción Contencioso-administrativa.